

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 13 de outubro de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as solicitudes de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, convocadas pola Resolución do 10 de maio de 2011 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Pola Resolución do 10 de maio de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, (DOG n.º 96 do 19.5.2011), estableceronse as bases reguladoras e convocáronse as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes para o ano 2011 que se desenvolverán a través dos seguintes programas:

- a) Mantemento de centros de atención especializada a mulleres.
- b) Recursos integrais específicos para mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos/as menores de tres anos.
- c) Recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social.
- d) Recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección.
- e) Recursos integrais de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.
- f) Aqueles outros que se definan para mulleres en situación de especial discriminación ou desigualdade susceptibles de inclusión no ámbito desta resolución.

Segundo o artigo 10.4 das bases reguladoras, e de conformidade co establecido no artigo 59.6.º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a notificación individual das resolucións das axudas poderá ser substituída pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Unha vez rematada a fase de instrución das solicitudes recibidas na Secretaría Xeral da Igualdade, avaliadas as solicitudes pola comisión de valoración prevista no artigo 8 da convocatoria, vista a proposta de resolución formulada polo órgano instrutor e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder as axudas e subvencións económicas para o financiamento das actuacións que se indican no anexo I a favor das entidades de iniciativa social, como consecuencia da aplicación dos criterios establecidos no artigo 9 das bases reguladoras, por un importe total de 916.000,00 euros distribuídos nas aplicacións orzamentarias que se indican.

Aplicación	Código de proxecto	Importe
04.40.312G.480.1	2011 00113	95.000,00 euros
04.40.313B.481.1	2011 00102	305.000,00 euros
04.40.313B.481.2	2011 00104	516.000,00 euros
Total		916.000,00 euros

Estas subvencións están cofinanciadas ao 80% con fondos FSE no Programa operativo de Galicia 2007-2013, eixe 2, tema prioritario 71.

Segundo. Excluír e declarar desistidas as solicitudes que se relacionan no anexo II, con indicación da causa específica, por non cumplir o requisito de emenda e/ou achegar dos documentos preceptivos no prazo establecido, segundo o disposto no artigo 7 das bases reguladoras, ou ben por non cumplir os requisitos establecidos no artigo 1 das bases reguladoras. Así mesmo, no dito anexo tamén figuran as solicitudes que non se admitiron a trámite porque foron presentadas fóra do prazo establecido no artigo 3 da convocatoria.

Terceiro. De conformidade co artigo 17.2 das bases reguladoras realizarase un primeiro pagamento do 80% da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo no momento de notificación da resolución. O 20% restante, ou a parte que corresponda, libraráse logo da completa xustificación polas entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demás condicións exixidas na Resolución do 10 de maio de 2011.

Cuarto. Informar ás entidades beneficiarias de que a obtención de axuda comunitaria implica a aparición na lista pública de persoas beneficiarias que a autoridade de xestión do progra-

ma operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007) e de que na devan-dita lista figurarán os datos de identidade ou denominación social, das operacións e da contía de fondos públicos asignada a cada operación.

Quinto. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado.

Non obstante, os gastos financiados ao abeiro da convocatoria non se poderán acoller a outras axudas procedentes do Fondo Social Europeo ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios.

Sexto. A data límite de presentación da xustificación dos gastos efectuados será o 30 de novembro de 2011 e realizarase de acordo co establecido no artigo 16 das bases reguladoras.

Os gastos que se subvencionarán deberán respectar o disposto na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013 e na Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, que a modifica.

Sétimo. As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o financiamento das súas actuacións con fondos da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade e do Fondo Social Europeo. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo no cal aparezan os anagramas da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo, en aplicación do disposto na normativa aplicable. Na páxina web oficial da Secretaría Xeral da Igualdade infórmase das características do dito cartel e dos logos e lendas de obrigada inclusión.

Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet, deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da

aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares).

Cando o proxecto dese lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, e colocaranse na contraportada no caso das publicacións.

Oitavo. De acordo co disposto no artigo 18 das bases reguladoras, o incumprimento por parte das entidades beneficiarias de calquera das obrigas establecidas na normativa aplicable a estas subvencións, incluída a publicidade das accións subvencionadas dará lugar, previo o oportuno expediente, á obriga de reintegrar a contía indebidamente percibida e aos intereses de demora correspondentes e, se é o caso, á perda do derecho ao cobramento das cantidades pendentes de percibir, conforme o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Noveno. As entidades beneficiarias das subvencións adquiren os compromisos e obrigas que, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se establecen no artigo 13 das bases reguladoras, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable.

Décimo. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao desta publicación, de acordo co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2011.

Marta González Vázquez
Secretaria xeral da Igualdade

ANEXO I

N.º expediente	Entidade	NIF	Puntos	Programa	Detalle da axuda	
					Tipo axuda	Contías
SI427A 2011/000058-0	HH.TT.FF. Rebaño de María	R1100013J	80	Obra Social Si a la Vida	Art. 4.1 c) subvención	18.000,00
SI427A 2011/000040-0	Asoc. Española Contra o Cancro	G28197564	80	Apoio Psicosocial Rehabilitación Operadas de Cancro de Mama	Art. 4.1 c) subvención	16.000,00
SI427A 2011/000039-0	Asoc. MMRR Alumear	G32350555	80	Prog de Atención Bio-Psicosocial para Mulleres na 3.ª Idade	Art. 4.1 c) subvención	4.000,00
SI427A 2011/000065-0	Asociación Redmadre Coruña	G70180229	79	Intervención para Mulleres Xestantes e Lactantes	Art. 4.1 b) incentivo Art. 4.1 c) subvención	24.000,00 10.000,00
SI427A 2011/000002-0	Federación de Asoc. Anaral	G32362279	78	Proxecto Semas: Servizo de Apoyo a Mulleres Maioristas Soas	Art. 4.1 c) subvención	29.000,00
SI427A 2011/000025-0	ONG Mestura	G15940414	77	Programa Neneiras	Art. 4.1 c) subvención	14.000,00
SI427A 2011/000009-0	Fundación Érguete-Integración	G36861078	77	Servizo de Orientación Sociolaboral a Mulleres Inmigrantes	Art. 4.1 b) incentivo Art. 4.1 c) subvención	24.500,00 4.500,00
SI427A 2011/000063-0	Congregación Siervas de la Pasión	R0800086A	77	Centro de Atención Especializada Hogar Sta. Isabel	Art. 4.1 a) ocupación	34.000,00
SI427A 2011/000027-0	ONGD Ecos do Sur	G15354483	77	Programa de Apoyo ás Nais	Art. 4.1 c) subvención	30.000,00
SI427A 2011/000008-0	FAXPG	G15068091	76	Programa de Apoyo a Mulleres Xordas	Art. 4.1 c) subvención	29.000,00
SI427A 2011/000019-0	Betania de Jesús Nazareno	R1500247J	75	Centro para Mulleres sen Recursos	Art. 4.1 a) ocupación Art. 4.1 c) subvención	30.000,00 4.000,00
SI427A 2011/000034-0	Asoc. Ayuda y Atención al Preso	G15414667	75	Mulleres Reclusas	Art. 4.1 c) subvención	10.000,00
SI427A 2011/000062-0	Rede de MM Contra os Malos Tratos de Vigo	G36928646	75	Programa Re-Activate	Art. 4.1 c) subvención	14.000,00
SI427A 2011/000053-0	Cáritas Diocesana de Santiago	R1500053B	74	Programa Grávida	Art. 4.1 c) subvención	11.000,00
SI427A 2011/000003-0	Asoc. Anel	G32207516	73	Servizo de Atención a Mulleres Anciás Soas	Art. 4.1 c) subvención	32.000,00
SI427A 2011/000033-0	Conf. Galega Persoas con Discapacidade. Cogami	G32115941	73	Servizo de Atención Especializada a Mulleres con Discapacidade	Art. 4.1 c) subvención	16.000,00
SI427A 2011/000043-0	Asoc. Dignidad - Ferrol	G15500853	70	Acompañamiento Social a Mulleres Xestantes e Lactantes	Art. 4.1 b) incentivo	9.000,00
SI427A 2011/000032-0	Asoc. Redmadre Pontevedra	G27707686	70	Nais 2011	Art. 4.1 c) subvención	22.000,00
SI427A 2011/000050-0	Asoc. de Ayuda a la Vida Ayuvi	G36802536	70	Programa Tú Puedes	Art. 4.1 c) subvención	10.000,00
SI427A 2011/000045-0	Asoc. Redmadre Ourense	G32394082	70	Proxecto Nais 2011	Art. 4.1 c) subvención	7.000,00
SI427A 2011/000013-0	Asoc. Empresarias e Prof. Prov. Ourense	G32104663	70	Programa Ame Apoia	Art. 4.1 c) subvención	16.000,00
SI427A 2011/000036-0	Fundacion Ronsel	G15752660	69	Xerentas, Muller Emprendedora	Art. 4.1 c) subvención	14.000,00
SI427A 2011/000052-0	Asoc. Síndrome de Down Teima de Ferrol	G15458060	69	Programa en Igualdade (para futuras nais de nenos/as con síndrome Down)	Art. 4.1 c) subvención	10.000,00
SI427A 2011/000016-0	Asoc. Pro Saúde Mental A Creba	G15476310	68	Apoio Integral a Mulleres con Discapacidade no Rural	Art. 4.1 c) subvención	30.000,00
SI427A 2011/000012-0	Asociación Labregas	G15945686	68	Sensibilización e Prevención Social e Dinamización Comunitaria	Art. 4.1 c) subvención	29.000,00
SI427A 2011/000038-0	Cimo Entidade Prestadora de Servicios	G32010449	68	Club Emprego para Reclusas e Ex-reclusas	Art. 4.1 c) subvención	16.000,00
SI427A 2011/000029-0	Fed. Prov. MMRR de Ourense - Femuro	G32237869	67	Femuro Concilia e Emprega	Art. 4.1 c) subvención	23.000,00
SI427A 2011/000011-0	SLG - Secretaría das Mulleres	G27023951	66	Punto Delas	Art. 4.1 c) subvención	33.000,00
SI427A 2011/000037-0	Asoc. Patronato Concepción Arenal	G15030372	66	Centro de Atención Especializada	Art. 4.1 b) ocupación	33.000,00
SI427A 2011/000035-0	Asoc. Antonio Noche	G15210388	65	Inmigrantes, Minorías Étnicas	Art. 4.1 c) subvención	26.000,00
SI427A 2011/000014-0	Asoc. Rexurdir	G36046241	64	Programa de Apoyo Integral á Familia	Art. 4.1 c) subvención	5.000,00

N.º expediente	Entidade	NIF	Puntos	Programa	Detalle da axuda	
					Tipo axuda	Contías
SI427A 2011/000007-0	Fundación Amigos de Galicia	G15859911	62	Plan de Axuda a Mulleres Vítimas	Art. 4.1 c) subvención	33.000,00
SI427A 2011/000005-0	Feaga	V15440639	60	Proxecto Paimega: asesoramento a emprendedoras	Art. 4.1 c) subvención	33.000,00
SI427A 2011/000023-0	Fundación Universidade da Coruña	G15597289	60	Programa de Competencias Prof. Assessment Week	Art. 4.1 b) incentivo Art. 4.1 c) subvención	18.000,00 10.000,00
SI427A 2011/000006-0	Ampaga	G70251590	60	Proxecto Amfe: asesoramento a mulleres	Art. 4.1 c) subvención	9.000,00
SI427A 2011/000001-0	Alar Galicia	G15775901	57	Proxecto Madre: Gabinete de Apoio	Art. 4.1 c) subvención	19.000,00
SI427A 2011/000004-0	Asfem	G27255108	54	Programa de Acompañamiento a Mulleres Inmigrantes	Art. 4.1 c) subvención	7.000,00
SI427A 2011/000059-0	Asoc. Mujeres Empresarias Prov. Lugo	G27105220	54	Apoio a Emprendedoras	Art. 4.1 c) subvención	3.000,00
SI427A 2011/000051-0	Down Vigo Asoc. para a Síndrome de Down	G36697324	53	Recursos Integrais de Apoio e Mellora de Oportunidades	Art. 4.1 c) subvención	23.000,00
SI427A 2011/000018-0	Asoc. Intego para a Divers Funcional	G15173263	53	Mulleres con Diversidade: Servizo de Información e Asesoramento no Rural	Art. 4.1 c) subvención	23.000,00
SI427A 2011/000042-0	Asoc. de Axuda ao Toxicómano Érguete	G36642726	52	Intervención Socioeducativa con Mulleres Reclusas	Art. 4.1 c) subvención	18.000,00
SI427A 2011/000055-0	Fed. Galega de Inst. para S. de Down (Down Galicia)	G15665144	49	Programa de Información, Ases. e Orient. A Mulleres con Discapacidade	Art. 4.1 c) subvención	28.000,00
SI427A 2011/000054-0	Fundación Down Compostela	G70040258	49	Programa para Mulleres en Situación de Especial Protección	Art. 4.1 c) subvención	5.000,00
SI427A 2011/000060-0	Feafes - Fed Asoc. Familiares e Pers. Enf. Mental	G15545353	48	Programa de Formac. e Inserción Laboral para Mulleres con Discapacidade	Art. 4.1 c) subvención	2.000,00
SI427A 2011/000030-0	Fed. Galega Redeiras Artesas O Peirao	G15969868	47	Programa de Formación Técnica	Art. 4.1 c) subvención	11.000,00
SI427A 2011/000057-0	Asoc. Down Coruña	G15731466	45	Atención Integral a Mulleres con Síndrome Down	Art. 4.1 c) subvención	13.000,00
SI427A 2011/000022-0	Down Ourense	G32311870	42	Programa de Autonomía Persoal para Mulleres con Síndrome Down	Art. 4.1 c) subvención	3.000,00
SI427A 2011/000061-0	Down Pontevedra Xuntos Asoc. Sind. Down	G36164887	40	Información, Orientación, Asesor. e Apoyo Psicolóxico	Art. 4.1 c) subvención	3.000,00
SI427A 2011/000046-0	Asoc. E-Integralia	G32412678	37	Programa Muller Íntegra	Art. 4.1 c) subvención	8.000,00
SI427A 2011/000047-0	Asoc. Amigos da Cultura e do Ocio Aires Nosos	G32369696	31	Programa a Vida en Soidade	Art. 4.1 c) subvención	10.000,00

ANEXO II

N.º expediente	Solicitante	NIF	Causas
SI427A 2011/000010-0	Hijas Divino Celo - Rogacionistas	R0800037D	Art. 1 convocatoria e 3 das bases reguladoras: entidade non rexistrada na área de igualdade do rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.
SI427A 2011/000015-0	Cáritas Diocesana de Ourense	R3200098F	Art. 90 LRXAP: desistencia expresa.
SI427A 2011/000017-0	Fundac. Preescolar na Casa	G27268689	Art. 1 convocatoria e 3 das bases reguladoras: entidade non rexistrada na área de igualdade do rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.
SI427A 2011/000020-0	Unión Xeral de Traballadores de Galicia	G15383011	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos establecidos para as accións subvencionables.
SI427A 2011/000021-0	Asoc. Grupo Divers Funcional Ferrol e Com.	G15049919	Art. 1 convocatoria e 3 das bases reguladoras: entidade non rexistrada na área de igualdade do rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.
SI427A 2011/000024-0	Asoc. MM Pedra Vella	G36837433	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos establecidos para as accións subvencionables.
SI427A 2011/000026-0	Centro Sociocultural A.R. Valladares	G36617082	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos establecidos para as accións subvencionables.
SI427A 2011/000028-0	Asoc. Tempus	G15681000	Art. 7.3 das bases reguladoras: Incumprimento do requisito de emenda e/ou achega da documentación requirida no prazo establecido.

DOG Núm. 198

Luns, 17 de outubro de 2011

Páx. 30327

N.º expediente	Solicitante	NIF	Causas
SI427A 2011/000031-0	Asoc. Redeiras Artesás Illa da Estrela de Corme	G70225560	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos establecidos para as accións subvencionables.
SI427A 2011/000041-0	Asoc. Aspas (de pais de pers. con discapac. int.)	G15031537	Art. 1 convocatoria e 3 das bases reguladoras: entidade non rexistrada na área de igualdade do rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.
SI427A 2011/000044-0	Fundación Amencer Aspanas	G32377160	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos establecidos para as accións subvencionables.
SI427A 2011/000048-0	Asoc. Diagnosticad@S Cancro Mama Adicam	G36380301	Art. 3 da convocatoria art. 7.7 das bases reguladoras: solicitude presentada fóra de prazo.
SI427A 2011/000049-0	Asoc. Prof. Redeiras O Fieital de Malpica	G15923022	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos establecidos para as accións subvencionables.
SI427A 2011/000056-0	Radio Ecca Fundación Canaria	G35103431	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos establecidos para as accións subvencionables.
SI427A 2011/000064-0	Asociación Amicos	G15747678	Art. 3 da convocatoria art. 7.7 das bases reguladoras: solicitude presentada fóra de prazo.
SI427A 2011/000066-0	Asoc. Integrados	G15970057	Art. 3 da convocatoria art. 7.7 das bases reguladoras: solicitude presentada fóra de prazo.